

## Os movementos sociais no mundo do mar

O hábito dos pescadores de se xuntar para realizar as labours no mar, duras e inseguras de seu, pérdese no noso país na brétema dos tempos. A compañía, pois, como exemplo de organización laboral colectiva, onde barco, aparellos e traballo son postos en común, é anterior aos Gremios medievais e ten chegado ata hoxe. As propias compañías, se cadra, estiveron na orixe dos Gremios de Mareantes que inzaron a nosa beiramar entre os séculos XIII e XIX, baixo diversas advocacións do santoral católico: Pontevedra, coa súa potente Confraría do Corpo Santo que chegou a xuntar máis de 2000 mariñeiros da vila do Teucro e localidades viciñas, Baiona, Muros, Betanzos, A Coruña, Noia, Porto do Son, Redondela ou Cangas, albergaron aquelas organizacións relixioso-laborais que ordenaron a pesca marítima, mesturando xerarquía e monopolio, a carón do espírito comunitario e o carácter benéfico-asistencial.

Coa desaparición forzosa dos Gremios de Mar en 1864, voces provenientes da Igrexa Católica denunciaron a situación de indefensión dos pescadores, criticaron a desfeita dos Gremios sen antes reformalos, e alentaron a constitución de asociacións relixiosas para o socorro dos mariñeiros desamparados. A máis importante foi, se cadra, a “Asociación Cambadesa de Marineros”, constituída en 1894 por Alfredo Brañas baixo a advocación da Divina Pastora. Esta agrupación foi pioneira do asociacionismo mariñeiro de carácter mixto en Galicia, composto por patróns e mariñeiros indistintamente, aínda que neste caso, segundo a retranca dos xornalistas pontevedreses de “Unión Republicana”, habería que engadir tamén aos cregos. Aqueles irreverentes sinalaban tamén que a Asociación moi ben podería chamarse “La Funeraria”, posto que a súa principal finalidade era *“dar velas para el velorio y entierro de los que mueren y una cantidad para pagar sacerdotes que asistan a los funerales”*.

Con todo, máis interesante foi o que ía acontecer nos derradeiros anos do século XIX:

- En 1899 vaise producir a primeira folga importante por cuestións laborais na flota de vapores palangreiros do Berbés, en Vigo. E no mesmo ano se constitúen as primeiras sociedades de resistencia, compostas unicamente por mariñeiros (ou sexa, de clase): a “Sociedad de Marineros Pescadores” de O Berbés, e a “Sociedad de Obreros Pescadores de Bouzas, vencelladas ao socialismo vigués e á UGT. Sen tardanza, atopan resposta patronal na constitución da “Sociedad de Armadores `La Marítima’”, mesmamente de Bouzas.

- Entre 1897 e 1905, estoupa a chamada “guerra das traíñas” en boa parte do litoral, a consecuencia da introducción inducida pola patronal conserveira dos cercos xareta, aparellos moito máis intensivos nas súas capturas que os tradicionais xeitos. Pois ben, a conflictividade desatada entre traíneiros (chamados así porque os cercos largábanse dende as veloces traíneiras, arribadas dende o Cantábrico) e xeiteiros, provocou a necesidade de organización mariñeira en moitos portos para defender o oficio do xeito, nun proceso que non se pode desvincular da expansión finisecular do societarismo agrario e obreiro. Así, entre 1899 e 1902, constituíronse tan só na provincia de Pontevedra 42 sociedades de carácter mixto, que integraban tanto a patróns como a tripulantes e tiñan unha finalidade mutualista e de melloramento do colectivo de pescadores.

¿Qué sucedía no universo marítimo para provocar esta eclosión do asociacionismo mariñeiro?. Pois daquela se estaba a producir un cambio estrutural na pesca, derivado da mudanza do modo de produción pesqueiro, ou dito con outras palabras: a transición entre a pesca artesanal de carácter tradicional e un incipiente capitalismo pesqueiro, que, decote, endureceu as condicións de traballo dos mariñeiros e implantou novas relacións laborais.

En diante, as sociedades de resistencia xurdidas nos vapores do Berbés e de Bouzas, van reaparecer na alborada do século XX nos “bous” de arrastre coruñeses e nas parellas de Marín, sempre vencelladas ao obreirismo urbano, de carácter anarcosindicalista na Coruña e de ideario socialista na vila do Morrazo. En calquera caso, escomeza eiquí unha intensa loita de clases no mar desenvolvida ate a Guerra Civil en torno a reivindicacións como o descanso semanal, aumento de dotacións nos vapores e motoras, suba de xornais ou mellor reparto das “partillas”, retribución das tarefas de terra, medidas de seguridade no mar e control das contratacións.

A aparición das motoras sardiñeiras na totalidade das rías logo da Iª Guerra Mundial, levou de seu a xeralización da pesca á “ardora” cos grandes aparellos do cerco, a masificación de tripulantes naquelas embarcacións que non superaban os 15 metros de eslora, e a frecuente utilización da dinamita nas faenas de pesca da sardiña. Neste contexto vaise desenvolver en moitas vilas mariñeiras, particularmente das Rías Baixas, unha intensa conflictividade que vai achegar a numerosas sociedades mariñeiras de carácter mixto ás propostas do sindicalismo de clase. A organización en 1916 por parte de militantes socialistas da primeira proposta asociativa de ámbito galego, denominada “Federación Regional de Obreros de la Industria Pesquera”, respostou a este proceso e

integrou numerosas sociedades mariñeiras das Rías de Vigo, Pontevedra, Arousa e Muros, ate a súa disolución na Ditadura de Primo de Rivera. Paralelamente, armadores e fabricantes das Rías Baixas agrupáronse dende 1917 na “Asociación General de Industrias Pesqueras”, radicada en Vigo.

O temor á implantación do sindicalismo de clase no mundo do mar, estivo detrás do artellamento dos Pósitos Pescadores nos anos posteriores á Grande Guerra. Inspirados nas vellas Confrarías de Pescadores do Antigo Réxime e cunha composición mixta, eran asociacións corporativas con certas reminiscencias mussolinianas, que aspiraban á mellora do colectivo pesqueiro mediante o mutualismo, a extensión cultural e o acceso ao crédito. Financiados en parte polo Estado e organizados en non poucas ocasións polas autoridades de Mariña e as “forzas vivas” das vilas mariñeiras, procuraban conciliar os intereses de armadores e mariñeiros, afastando a estes dos sindicatos de clase. O primeiro Pósito do Estado español funcionou a partir de Nadal de 1917 en Cambados, extendéndose logo baixo protección da Ditadura de Primo de Rivera por toda a beiramar. Á chegada da República, estaba constituída unha “Federación Gallega de Pósitos”, con medio centenar deles adheridos.

Na IIª República, nun contexto favorable ás organizacións obreiras, sinalaremos dous feitos de interese:

- A conformación da “Federación Regional de Industria Pesquera” (FRIP) dentro da CNT galaica, integrando durante a etapa republicana á práctica totalidade do sindicalismo de clase no mundo do mar. Este sindicalismo vai desenvolver agora en diversos portos como Coruña, Vigo, Marín, Cangas, Moaña, Ribeira, Cariño ou Celeiro a figura do “Sindicato de Industria Pesquera”, integrado por todas as profesións vencelladas á pesca, xa fosen de mar ou de terra. Chegado o fatídico ano de 1936, a FRIP tiña presenza en 46 portos galegos, contando con máis de 17.000 afiliados e afiliadas, o que significaba que 1 de cada 4 persoas empregadas na industria pesqueira tiña carnet da CNT.
- A conflitividade no mundo do mar é a máis intensa de todos os sectores productivos de Galicia e onde as folgas son máis delongadas: o amarre por 14 meses da flota sardiñeira de Moaña en 1933-34; a folga durante 5 meses das parellas de arrastre de Bouzas no ano 1932; a inactividade das motoras de Bueu durante 5 meses....son boa mostra do devandito.

Finalmente e como conclusión, apuntaremos que no intre en que estoupa a Guerra Civil, e por primeira vez na historia recente, o sindicalismo de clase no mar superaba en

número e influencia social ao asociacionismo interclasista, representado polos Pósitos e diversas agrupacións mutualistas. Daquela, o asociacionismo mariñeiro de clase representaba unha forza social de primeira magnitude en moitas localidades da beiramar galega, que só puido ser destruída pola represión inherente ao réxime franquista, que o substituíu polo modelo tutelado, corporativo e autoritario representado, daquela, polas Confrarías de Pescadores.

Dionísio Pereira